

CIRCULAR NOVA PROBA DE INGLÉS ABAU 2018
Á atención dos departamento de Inglés dos centros de Ensino Secundario

Prezados profesores,

Nunha circular anterior informábase dos cambios na proba de inglés para a ABAU do curso 2017/18 2018, e adquirimos o compromiso de, unha vez rematadas as probas do curso 2016/17, publicar un modelo do novo exame xunto coas aclaracións pertinentes en relación ao formato e estrutura da nova proba.

Reunido o grupo de traballo confeccionamos un modelo do novo exame cuxa estrutura e formato se detalla a continuación.

FORMATO:

Mantense tanto a duración do exame (1 hora 30 minutos) como o formato de dúas opcións A e B, das que o alumno elixirá exclusivamente unha. Cada opción terá un texto distinto que pode diferir do outro en temática e tipoloxía (diálogo, narración, descrición, ensaio, historia curta etc.) .

O exame consta de dúas partes diferenciadas:

- 1ª parte: 6 preguntas de comprensión, expresión e pronunciación cunha puntuación total de 8,5 puntos
- 2ª parte: audición, cunha puntuación total de 1,5 puntos

A proba de audición é única para ambas opcións e farase unha vez transcorridos 45 minutos dende o comezo do exame.

Recoméndase que o profesorado practique co seu alumnado a realización das probas, de tal xeito que adquiran unha boa técnica de exame e que sexan capaces de recoñecer rapidamente que esixe deles cada pregunta. A rúbrica da introdución é a seguinte: **“Read the text and the instructions to the questions very carefully. Answer all the questions in English.”**

ESTRUTURA:

- A primeira parte do exame consta de seis preguntas e terá un valor total de 8,5 puntos. O valor de cada pregunta e as súas características específicas indícanse a continuación:

Question 1. Write a summary of the text in English, including the most important points, using your own words (approximately 50 words, 1 point)

Mantense exactamente igual que no modelo anterior. Esta pregunta pretende comprobar a comprensión xeral do texto por parte do alumnado, así como a súa capacidade para resumir as ideas principais, sen entrar en detalles nin anécdotas particulares. Polo tanto, pídeselle que resuma o que leu en aproximadamente 50 palabras que non han de ser extraídas literalmente do texto, senón froito dá súa propia expresión. Esta pregunta será puntuada segundo os seguintes criterios:

- O alumno identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica (de 0 a 0.50 puntos).
- O alumno expresou estas ideas en aproximadamente 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema (de 0 a 0.50 puntos).

Question 2. Mark the following sentences true or false (T/F) according to the text. Then write the part (and ONLY that part) of the text which justifies your answer. (1 point; 0.25 each)

Nova pregunta que incide sobre a comprensión de cuestións concretas do texto. Consta de catro apartados cunha puntuación de 0,25 cada un. O alumno terá que decidir si a información exposta en cada apartado é verdadeira ou falsa e indicar a parte concreta do texto que xustifica a súa resposta. Se non se xustifica a resposta, a puntuación será de 0.

Question 3. Find words or phrases in the text that correspond in meaning to the words and definitions given here (1 point; 0.25 each)

Esta pregunta é exactamente igual á pregunta 2 do modelo anterior. Catro apartados (0,25 cada uno). Trátase de que o alumnado busque palabras ou grupos de palabras no texto que correspondan no seu significado a unha palabra ou definición dada no exame. As palabras preséntanse no mesmo orde en que aparecen no texto. Dado o carácter inevitablemente aleatorio desta pregunta, recoméndase que o profesorado traballe co seu alumnado a capacidade de inferir o significado das palabras a partir do contexto no que aparecen.

Question 4. Pronunciation. (1 point; 0.25 each)

Nova pregunta que incide na pronunciación. Catro apartados (0,25 cada uno). Á formulación da pregunta

pode facerse de distintos xeitos, tal e como se mostra no modelo orientativo de exame. Buscase que o alumno sexa capaz de identificar como se pronuncia unha determinada palabra ou unha parte dela. As palabras utilizadas na pregunta non teñen que estar sacadas do texto necesariamente. Normalmente inclúense na formulación da pregunta os símbolos fonéticos do IPA ca intención de que poidan servir de axuda para o alumno; en ningún caso será necesario coñecer estes símbolos, ou saber facer transcricións fonéticas para poder contestar correctamente á pregunta.

Question 5. Rewrite the following sentences without changing the original meaning. Use the word in brackets and/or the expression given, making the necessary changes. (1.5 points; 0.5 points each).

Esta pregunta correspóndese ca pregunta 3 do modelo anterior, pero presenta certos cambios:

- Ten só tres apartados (0,5 puntos cada un).
- Ata agora dábase unicamente a frase modelo e o principio da frase para facer a transformación. Agora pode aparecer a frase modelo e unha palabra ou frase entre parénteses que haberá que utilizar (e ás veces modificar) para facer a transformación. Tamén pode ser unha combinación de ambas, é dicir, crear a transformación a partir dun fragmento dado e utilizando unha palabra ou expresión que se dá entre parénteses e que é posible que haxa que modificar dalgún xeito para lograr unha frase gramaticalmente correcta e non variar en absoluto o significado da frase modelo.
- As frases utilizadas non teñen necesariamente que estar sacadas do texto, o que permite unha maior versatilidade á hora de elaborar o exame.

Con esta pregunta preténdese medir a competencia lingüística (gramatical) do alumno ligada ás distintas funcións ou actos de fala (como formular hipóteses, dar explicacións, argumentar, suxerir, etc). Poderá versar sobre calquera dos aspectos gramaticais propios do nivel de bacharelato de acordo a normativa vixente.

Como xa viña sendo habitual poderá versar sobre algúns dos seguintes aspectos:

- Oracións de relativo especificativas e explicativas.
- Oracións subordinadas
- Oracións condicionais. Marcadores como unless/ as long as/ providing that, etc.
- Estilo directo e indirecto; Reporting Verbs.
- Adxectivos + enough / too + adxectivo.
- Be + adxectivos.
- Verbos pronominais seguidos de adxectivos: look angry/ smell good. etc.
- Formación de palabras.
- Usos do infinitivo ou xerundio despois de determinados verbos e adxectivos.
- Verbos seguidos de xerundio ou infinitivo.
- Phrasal Verbs de uso mais habitual.
- Os tempos verbais e os seus usos.
- A voz pasiva e os seus usos.
- Os verbos modais e os seus usos.
- Conectores e Nexos: for this reason, in addition, moreover, on the other hand, because, whereas, for example, consequently, although, even if, in spite of, etc.
- Comparacións: as if, as... as, as though.

Question 6: “What is your opinion about...?” “Do you fully or partially agree with...?” “Why / Why not?” “What would you have done in a situation like that?”, “Write a letter to your teacher, explaining why you couldn’t do your homework last week”, “Write a description of your own home”, etc. (3 points)

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. A nota final (máximo 3 puntos) outorgarase segundo a medida na que o alumnado cumpra os seguintes parámetros; cada un deles puntuarase de 0 a 0.5 puntos:

- Alcance: o alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Sabe utilizar o rexistro lingüístico adecuado á situación.
- Riqueza e control do vocabulario.
- Corrección gramatical: O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir ou suxeito diante dun verbo, omitir a -s dá 3ª persoa do singular do Presente Habitual (he writeS), utilizar adxectivos en plural, usar incorrectamente os adxectivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros.
- Fluidez: O alumnado posúe un dominio dá lingua inglesa adecuado e suficiente para evitar cortes na comunicación ou malentendidos.

- Cohesión: O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión.
- Coherencia: O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado

❑ A segunda parte do exame consiste na proba de audición e terá un valor de 1,5 puntos.

Mantense o mesmo formato da audición pero cambia a puntuación (1,5 puntos). Nalgúns casos, segundo se explica a continuación, cambia o formato das preguntas.

Esta parte do exame mide a comprensión oral do alumnado. Consta dunha audición (conversación, entrevista, narración, reportaxe, etc.) de aproximadamente 5 minutos de duración, que se repetirá tres veces. Constará de dúas preguntas con cinco apartados en cada unha.

- No primeiro dos apartados poderá haber dous tipos de preguntas: as de elixir a opción correcta (igual que ata agora) e outras de verdadeiro/falso. Entre os dous tipos sumarán un total de 5 preguntas e terán un valor total de 0,5 puntos (0,1 cada unha).
- No segundo apartado as preguntas serán do tipo completar a frase. Un total de cinco preguntas cun valor total de 1 punto (0,2 cada unha).

Listening (1.5 points)

Questions 1 – 5. Write the correct option (5 x 0.1 points = 0.5 points)

Questions 6 – 10. Fill in with the missing information using a maximum of 3 words. (5 x 0.2 points = 1.0 point)

10 de Outubro de 2017

O grupo de traballo de Inglés